



FUNDACIÓN AXENCIA
ENERXÉTICA PROVINCIAL
DA CORUÑA

ORZAMENTO ORDINARIO 2011



INDICE

1. ORZAMENTO 2011

2. MEMORIA DO ORZAMENTO

2.1 Capitulo de Ingresos

4. Subvencións, doazóns e legados imputados o exercicio

6. Ingresos financeiros

2.2 Capitulo de Gastos

3. Consumos de Explotación

4. Gastos de persoal

5. Amortizacións , provisión e outros gastos.

6. Gastos financeiros e Gastos asimilados

2.3 Operacións de Fondo

C. Variación neta de investimentos reais.

D. Variación neta de activos financeiros e de capital de funcionamento

Anexo I

“ Obxectivos do plan de traballo do ano 2011”

1. ORZAMENTO 2011

INTRODUCCION

O orzamento que se inclúe a continuación está realizado con base no modelo abreviado do anexo II do Real Decreto 776/1998, do 30 de Abril, polo que se aproban as normas de adaptación do Plan xeral de contabilidade ás entidades sen fins lucrativos e as normas de información orzamentaria destas.

A Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña desenvolve a proposta de orzamentos de Gastos e Ingresos par o ano 2011

O orzamento que se sometera a aprobación do padroado abarcará dende o 1 de Xaneiro ata o 31 de Decembro de 2011.

OPERACIONES DE FUNCIONAMENTO

| GASTOS | EUROS | INGRESOS | EUROS |
|---------------------------------------|--------------|----------------------------------|--------------|
| 3. Consumos de explotación | 23.500,00 | 4. Subvencións, doazóns e outros | 135.333,33 |
| 4. Gastos do persoal | 144.052,48 | 5. Outros ingresos | 40.000,00 |
| 5. Amortizacións, provisións e outros | 7.303,86 | 6. Ingresos financeiros | 500,00 |
| 6. Gastos financeiros e asimilados | 300,00 | | |
| | | | |

| | |
|--|-----------------|
| SALDO DE OPERACIONES DE FUNCIONAMENTO | 677,00 € |
|--|-----------------|

OPERACIONES DE FONDO

| | |
|--|--------------------|
| B. Variación neta de subvencións, doazóns e legados de capital e outros | 135.333,33€ |
| C. Variación neta de inversións reais | 7.303,86€ |
| D. Variación neta de activos financeiros e do capital de funcionamento | 7.980,85€ |
| SALDO OPERACIONES DE FONDOS | 150.618,04€ |

2.MEMORIA DO ORZAMENTO

Os gastos e ingresos orzamentarios diferéncianse en dous niveis, segundo a natureza das operacións que os orixinen e que se relacionan cos modelos das contas anuais.

Aparecen nun primeiro termo, as operacións de Ingresos e Gastos de funcionamento correspondentes coas recollidas na conta de resultados e en segundo termo as operacións de fondo, onde se contempla as partidas do balance que poden producir variacións orzamentais.

Os ingresos e gastos orzamentais derivados dos distintos elementos patrimoniais recóllense polo seu valor neto contable; para estes efectos o valor neto contable determinarase como un único concepto que incluírá o valor do elemento e as contas que o compensen; os posibles beneficios e perdas que se poidan producir recolleranse como operacións de funcionamento. Considerase unha variación positiva nas operacións de fondos os incrementos nas partidas de activo e os descenso do pasivo, pola contra tanto os incrementos das partidas de pasivo como o descenso das partidas de activo conducen a variacións negativas.

CAPITULO DE INGRESOS

4.Subvencións, doazóns e legados imputados o exercicio

Este capítulo corresponde a variación dos compromisos de pagos dos patronos coa Fundación previstos para o ano 2011.

Estamos considerando que as cotas correspondentes o ano 2010, aprobadas na reunión de padroado de 10 de febreiro de 2009 están ingresadas na data fixada.

As cotas correspondentes o ano 2011 deberanse aboar antes de remate do mes de Marzo de dito ano.

| | |
|------------------------------|--------------------|
| Deputación A Coruña | 50.000,00€ |
| Concello de Cerceda | 8.333,33€ |
| Concello de As Pontes | 8.333,33€ |
| INEGA | 25.666,67€ |
| SOGAMA | 10.000,00€ |
| CAIXANOVA | 10.000,00€ |
| ENDESA | 10.000,00€ |
| FORGA | 3.000,00€ |
| ALARDE | 10.000,00€ |
| TOTAL INGRESOS | 135.333,33€ |

5. Outros Ingresos

Neste apartado aparecen reflexados ingresos procedentes de cursos de conducción eficiente impartidos polo persoal de FAEPAC **(18.000€)**

Ingresos procedentes da firma dos convenios cos concellos de Porto do Son e de Abegondo para o control de facturación dos suministros Eléctricos. **(6.000€)**

- Abegondo-----3.000€
- Porto do Son-----3.000€

Ingresos procedentes da realización de auditorías enerxéticas en concellos da provincia. **(6.000€)**

Ingresos procedentes da firma dun convenio cos museos científicos da Coruña para o asesoramento da implantación de instalacións solar- fotovoltaica illada. **(10.000€)**

6. Ingresos financeiros

O presuposto de ingreso previsto para esta partida sería o 1% do saldo medio da conta. (Supoñemos que hai un saldo medio de 50.000€ na conta)

2.2 CAPITULO DE GASTOS

3. Consumos de Explotación

O desglose deste capítulo sería o seguinte:

| | |
|------------------------|------------------|
| ▪ Material de oficina | 2.000,00€ |
| ▪ Informática | 1.500,00€ |
| ▪ Viaxes e Dietas | 6.000,00€ |
| ▪ Subcontratacións | 4.000,00€ |
| ▪ Formación | 3.000,00€ |
| ▪ Cota EnerAgen | 2.000,00€ |
| ▪ Outros Gastos | 5.000,00€ |

| | |
|---------------------------------|-------------------|
| Total Gastos Explotación | 23.500,00€ |
|---------------------------------|-------------------|

Material de oficina

O gasto previsto nesta partida adicarase a compra de consumibles de oficina (papel, archivadores,tinta impresora etc...) **2.000€**

Consumible de Informática

Nesta partida inclúense os gastos de mantemento da impresora- t copiadora (Tonners etc....) **1.500€**

Subcontratacións

Xestoría:

Unha empresa de Xestoría que realice o traballo de Xestión de Nóminas e Seguridade Social dos traballadores da Fundación.

A contratación de dita Xestoría realizouse por contratación directa, todo previo informe de aprobación de Contratación ,e posterior Resolución. de Presidente.

O gasto previsto para o ano 2011 estimase na cantidade de **2.000€** .
Segundo presuposto presentado pola empresa, antes da contratación.

Asesoría Técnica a xestión

Unha empresa de Asesoría contable e fiscal que realice os informes Financeiros da Fundación e os tramites pertencentes a Axencia Tributaria.

A cantidade presupostada para o ano 2011 estimase en **2.000€**

Formación

Dentro deste capítulo veranse reflexados os gastos derivados de acudir a cursos de formación e a impartición de cursos e xornadas . A cantidade presupostada para o ano 2011 e de **3.000€**

Cota Asociación EnerAgen

Dentro deste capítulo aparece reflexada a cota anual de participación na Asociación de Axencias Españolas de Xestión da Enerxía (ENERAGEN), según resolución de presidente 18/2006 de 18 de outubro de 2006. (**2.000€**)

Outros Gastos

Resaltamos neste apartado a partida destinada a outros gastos que poidan xurdir durante o ano (**5.000€**)

4. Gastos de persoal

Refírese este capítulo o persoal contratado directamente pola Fundación e a 2 becarios contratados temporalmente.

O total da partida é de **144.052,48 €**, nos que se inclúen tódolos custes de persoal (soldos + seguridade social) contratado con cargo á entidade, mais o custe de contratación de 2 becarios.

Os recursos humanos

- ✚ Director Xerente
- ✚ Administrativo
- ✚ Técnico Especialista en Enerxías Renovábeis
- ✚ Técnico en Planificación Enerxética.
- ✚ 2 becarios

5. Amortizacións , provisión e outros gastos.

Dentro desta partida incluímos a amortizacións anuais de:

- Equipos informáticos (fotocopiadora e ordenadores) con un gasto previsto do 25% do prezo dos mesmos. (**4.319,98€**)
- Pax. Web e outras aplicacións con un gasto previsto do 25% do prezo da mesma. (**2.983,88€**).

TOTAL AMORTIZACIONES (7.303,86€)

6.Gastos financeiros e Gastos asimilados

Dentro desta partida orzamentaria incluímos os gastos de comisión de mantemento das contas e os gastos de transferencias bancarias, o total da partida ascende a **300€**

2.3 Operacións de Fondo

B. Variación neta de Subvencións, doazóns e legados de Capital e outros

Este capítulo corresponde a variación dos compromisos de aportación dos patronos da Fundación, que ascende a unha cantidade total de 135.333,33 euros, segundo o sinalado na páxina 4 no epígrafe 4 de Subvencións.

C. Variación neta de investimentos reais.

A variación neta de bens reais recolle os investimentos realizados nos bens de equipo, outro inmovilizado e existencias que se producen no exercicio, menos as amortizacións realizadas.

| | |
|--|------------------|
| Equipos Informáticos | 0€ |
| Amortizacións Inmovilizado | 7.030,86€ |
| VARIACION NETA DE INVESTIMENTOS | 7.030,86€ |

D. Variación neta de activos financeiros e de capital de funcionamento

Recolle as variacións nos investimentos financeiros, tesourería e capital de funcionamento.

Para os efectos do orzamento, consideramos nesta ocasión as variacións na conta bancaria considerando un volume de pagos igual os gastos do exercicio

| | |
|---|---------------------|
| Gastos | -167.852,48€ |
| Subvencións, doazóns e outros | 135.333,33€ |
| Outros ingresos | 40.000,00€ |
| Ingresos Financeiros | 500,00€ |
| VARIACION NETA DE ACTIVOS FINANCIEROS E DE CAPITAL DE FUNCIONAMIENTO | 7.980,85€ |